



RECOMENDACIÓNS EN RELACIÓN A VISITAS E ACOMPAÑAMENTO DE PACIENTES NOS CENTROS SANITARIOS DO SERGAS

Dende que a Organización Mundial da Saúde declarase o pasado mes de xaneiro que a situación, en relación ao COVID-19, supoñía unha emerxencia de saúde pública de importancia internacional, os sistemas sanitarios estamos realizando un seguimento constante da situación e adoptando medidas de prevención e contención á circulación deste virus.

Entre estas medidas son fundamentais as dirixidas a manter unhas boas prácticas de prevención para a protección das persoas ingresadas ou atendidas nos centros sanitarios, hospitais e centros de Atención Primaria, e tamén aos profesionais sanitarios, que son esenciais para a atención aos pacientes desas ou de calquera outra enfermidade. Por todo iso, considérase preciso establecer as seguintes recomendacións:

- Tomaranse medidas para reducir a afluencia de visitantes e acompañantes de pacientes, especialmente en zonas como urxencias, UCIs, no seu caso, zonas con pacientes inmunodeprimidos ou unidades de hospitalización e hospitais de día que se consideren especialmente sensibles, limitándose o número de acompañantes, nestes casos, aos estritamente necesarios.
- Deberase recordar aos visitantes e acompañantes de pacientes que non deben acudir aos centros sanitarios se presentan síntomas de infección respiratoria aguda ou febre. Neste sentido, colocaranse carteis na entrada indicando aos visitantes e familiares que non deben realizar visitas se están nesta situación.
- Indicarase tamén aos visitantes e acompañantes de pacientes que proveñan ou estivesen en zonas ou lugares considerados como zonas de risco nos últimos 14 días, non visiten os centros sanitarios a menos que sexa absolutamente necesario. As zonas de risco poden variar. Deberá consultarse sempre información oficial e actualizada:





<https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/documentos.htm>

- Suspéndense as visitas aos centros sanitarios de visitantes médicos e farmacéuticos, ou representantes comerciais de empresas salvo nos casos estritamente necesarios para o correcto funcionamento do centro (como puidera ser levar a cabo un plan de instalación ou formación no manexo dun novo equipo, debendo nestes casos axustarse ao menor número posible de persoas).
- Do mesmo xeito suspéndense as actividades de voluntarios ou similares nos centros sanitarios aos casos que se consideren estritamente necesarios.
- No sentido das anteriores recomendacións, tratarase de substituír as xuntanzas ou reunións nos centros sanitarios con persoas ou entidades alleas aos mesmos por sistemas de vídeo ou audioconferencia, ou similares.
- Promoveranse, na medida do posible, os sistemas de consulta telefónica, e-consulta, visita domiciliaria, etc. que faciliten a atención aos doentes sen necesidade de acceso aos centros sanitarios.
- No caso de pacientes con clínica respiratoria deberá facilitárselles máscaras cirúrxicas desde o seu acceso aos centros sanitarios.

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo
Xerente do Servizo Galego de Saúde

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2020

